

LITERATURA UNIVERSAL DO SÉCULO XIX: EXERCICIOS INTERACTIVOS



1. COLOCA NA ORDE DADA, CADA CARACTERÍSTICA NO MOVEMENTO LITERARIO QUE LLE CORRESPONDA.

- Expresan os sentimentos.
- Dan unha visión obxectiva da realidade.
- Prefiren a novela e un estilo sinxelo.
- É un movemento artístico e literario que se desenvolve na segunda metade do XIX.
- Senten atracción polo fantástico.
- Foxen dos sentimentos.
- Retratan a vida cotiá e a sociedade.
- Defenden a liberdade nos temas e no estilo.
- Recrean os costumes, os contos..., das nacións.
- É un movemento artístico e literario que se desenvolve na primeira metade do XIX.

O ROMANTICISMO	O REALISMO
• • • • •	• • • • •

2. UNE CADA OBRA COA INDICACIÓN QUE LLE CORRESPONDA.

- *Frankenstein*
- *Sentido e sensibilidade*
- *Os miserables*
- *Oliver Twist*
- *O doutor Jekyll e Mister Hyde*
- *A Cincenta*
- *Crime e castigo*
- *Guerra e paz*
- Novela escrita por Víctor Hugo que trata dos intentos dun exconvicto por refacer a súa vida.
- Novela de Stevenson que trata dos efectos de separar o Ben do Mal na persoa do protagonista.
- Novela de Jane Austen que trata de dúas irmás e dos seus sentimentos.
- Novela de Mary Shelley que trata da vinganza dun monstro para co seu creador.
- Novela de Dostoyevski que se centra na vida dun estudante que ten que deixar de selo pola súa pobreza.
- Novela de Dickens que trata da infancia dun neno nacido nun orfanato.
- Conto clásico do que fan unha versión os irmáns Grimm.
- Novela de Tolstoi que se centra na vida dunhas familias rusas.

3. UNE CADA OBRA CO MOVEMENTO LITERARIO QUE LLE CORRESPONDA.

- *Frankenstein*
 - *Sentido e sensibilidade*
 - *Os miserables*
 - *Oliver Twist*
 - *O doutor Jekyll e Mister Hyde*
 - *A Cincenta*
 - *Crime e castigo*
 - *Guerra e paz*
- ROMANTICISMO
- REALISMO